



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DE RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DO FOXO DO LOBO DE REQUIÁS, (MUÍÑOS, OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Muíños, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura o 5 de xuño, ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Muíños, para a realización dunha actuación de restauración e posta en valor do Foxo do Lobo de Requiás, (Muíños, Ourense), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O foxo de lobo de Requiás sitúase no concello ourensá de Muíños, nunha área de gran valor natural, paisaxístico e patrimonial sita no val do río Salas dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra de Xurés. Trátase dun ben etnográfico representativo da paisaxe agraria tradicional das serras do noroeste peninsular, empregado ata mediados do século XX para a caza deste emblemático animal. En Galicia existen unha importante presenza deste tipo de construcións pétreas que teñen a súas orixes xa na Idade Media. Co paso do tempo, axentes naturais e antrópicos incidiron na conservación destas construcións, e así moitas delas chegaron ata hoxe en estado ruinoso ou moi deterioradas, salvando agradables





excepcións.

En concreto, o foxo de lobo de Requiás é un foxo circular ou de cabrita que presenta un muro pétreo de cachotería irregular que engloba un espazo duns 50 metros de diámetro. Hoxe en día o dito muro perimetral atopase practicamente a nivel de cimentación, conservando un par de fiadas, pero que na súa orixe puido chegar aos 2 metros de altura e coroado por lousas planas, chamadas capeas, que sobresaían cara o interior coa función de impedir a saída do lobo do interior do recinto.

Tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que aglutina o foxo do lobo de Requiás anteriormente referidos, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e o Concello de Muíños consideran de interese levar a cabo neste ano 2023 traballos de restauración e posta en valor do referido ben etnográfico coa finalidade de favorecer a súa conservación e posta en valor.

Por tanto, a través deste convenio de colaboración preténdense realizar os traballos necesarios para favorecer a posta en valor e restauración do foxo do lobo de Requiás (Muíños, Ourense) e así contribuír ao coñecemento e difusión do patrimonio cultural da bisbarra.

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

